


10



10) O BANCO DE EXPLORACIÓN DE GALICIA.

Introdución e obxectivos

O Banco de Explotacións é un dos instrumentos de mobilización de terras, creado pola Consellería do Medio Rural que, a modo de intervención, terá como finalidade facilitar a posta en contacto entre persoas titulares de explotacións agroforestais que deixan as súas explotacións, e os que queren acceder ás mesmas.

Así, se garantiría a continuidade da explotación, evitando o se peche e desmantelamento, así como abandono das terras vinculadas á mesma.

O Sistema de Información de Terras de Galicia (SITEGAL) é a ferramenta web na que se poden consultar e solicitar as parcelas que están incorporadas ao Banco de Terras de Galicia. Co Banco de Terras de Galicia, preténdese regular o uso e aproveitamento de parcelas con vocación agraria, co dobre obxectivo de evitar o seu abandono e de poñelas a disposición de todas aquelas persoas que necesiten terra para usos agrícolas, gandeiros, forestais, de conservación da natureza e patrimonio ou outros usos de interese social.

Como entidades colaboradoras que son os Grupos de Desenvolvemento Rural, asesorarán no redimensionamento das explotacións e, de ser o caso, no deseño dos seus plans de negocio de acordo con criterios de viabilidade económica e sustentabilidade ambiental.

Premendo na imaxe inferior, poderemos acceder a páxina web do Banco de Terras.



Imaxe 28. Acceso a páxina do Banco de Terras

Funcións

- Servir de elemento colaborador do Banco de Terras de Galicia.
- Ofrecer unha base de datos actualizada das explotacións susceptibles de intermediación (por razón da idade dos titulares, polas dificultades da súa xestión ou por calquera circunstancia).
- Facilitar a intermediación, ofrecendo ás persoas interesadas a información vinculada ás explotacións incluídas no Banco de Explotacións, dando así unha maior claridade do aspecto xurídico da transacción, sexa pola vía de cesión de uso ou calquera outra transmisión de dereitos.
- Coordinar coas entidades colaboradoras o asesoramento no redimensionamento das explotacións e, de ser o caso, no deseño dos seus plans de negocio de acordo con criterios de viabilidade económica e sustentabilidade ambiental.

Alta no sistema

Se incorporarán explotacións ao Banco de Explotacións de Galicia cando:

- O titular o solicite.
 - A solicitude virá acompañada dunha declaración xurada da veracidade de información facilitada, así como autorización para dispoñer información da explotación a terceiros interesados.
 - Será o mesmo que establecerá un prezo de venda e/ou arrendamento.
 - Indicará a relación de parcelas e bens asociados á explotación.
 - Bens inmoables de rústica e outros aproveitamentos agroforestais.
 - Construcións e instalacións agroforestais e industrias, se fose o caso.
 - Gando, maquinaria, apeiros e bens mobles.
 - Dereitos e obrigas (marcas, nomes comerciais, rótulos, certificacións de calidade, DOP, IXP ou produción ecolóxica, así como forestal sustentable, dereitos de produción ou de variedades vexetais, entre outros).
- Cando o titular non acredite a súa continuidade e teña recibido axudas para a mellora da explotación e se recollese esta condición nas bases reguladoras.
 - A explotación poderá estar incluída durante un máximo de dous anos dende a data de abandono de actividade.

Outras condicións

- A incorporación da explotación será completa, non permitíndose incorporacións parciais das explotacións.
 - Poderanse excluír elementos sempre e cando sexa así acordado polos interesados, previa autorización de AGADER.
- Se permite o arrendamento, permuta, adquisición ou calquera outro negocio xurídico de cesión de uso ou transmisión de dereitos.
- Os interesados en facerse con explotacións poderán delegar en AGADER a intermediación co titular.
 - Deberase facer constar na solicitude tal circunstancia.

Anexo 10.1



Declaración de abandono o infrautilización de fincas

Poderán ser declaradas en estado de abandono o infrautilización, aquel terreo agroforestal no que non se realiza ningún tipo de actividade agrícola, gandeira ou forestal e que presenta unha cuberta herbácea, arbustiva ou arbórea espontánea na maior parte da súa superficie.

O procedemento de declaración de abandono ou infrautilización poderá ser iniciado de oficio polo órgano territorial competente en materia de medio rural onde se sitúe a finca, ou a maior superficie da mesma.

A iniciación do procedemento será publicada no Diario Oficial de Galicia, coa identificación precisa das fincas, e notificada ás persoas propietarias e as demais que teñan sobre elas dereitos ou intereses patrimoniais lexítimos, de ser coñecidas, e abrirase un prazo de quince días hábiles de alegacións das persoas interesadas.

No caso de que non sexa posible a identificación das persoas titulares das fincas, iniciarase o procedemento de investigación da titularidade das fincas. Este procedemento, poderá ser iniciado de oficio pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ben por iniciativa propia ou por denuncia.



CONTACTO

Asociación de Grupos De
Desenvolvemento Rural De Galicia
Rúa San Marcos, s/n
15318 – Abegondo
(A Coruña)
info@agdr.gal | <https://agdr.gal/>

